



ROGO SOBRE A ILUMINACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA DO PARQUE LUÍS PASÍN

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque público dedicado a Luís Pasín -delimitado polas rúas Rosalía de Castro, Pardo Bazán, Avenida de Ferrol e Doutor Maceira- presta un importante servizo á veciñanza, sobre todo dos barrios de Conxo e Santa Marta, que o teñen como unha das súas referencias para os seus momentos de lecer.

Trátase dun lugar axeitado para as crianzas, que fan uso da área de xogos infantís na súa zona central, e para o conxunto da poboación que dispón dunha ampla zona verde para pasear, descansar e mesmo xantar, aproveitando o seu mobiliario (pendente aínda dunha mellora solicitada recentemente a través doutra iniciativa plenaria).

O lugar resulta axeitado tamén para a practica deportiva, ben aproveitando os sendeiros e o seu contorno, ou ben facendo uso da pista deportiva situada na traseira do Politécnico que coroa a superficie do parque. Son moitas as persoas que a diario empregan estas instalacións deportivas que, a contrario do que acontece nas zonas de tránsito dos arredores, non dispón dunha iluminación que permita alongar as horas de práctica deportiva en canto cae a noite. É unha observación que nos teñen trasladado varias persoas usuarias da zona. Desde o grupo municipal do Partido Popular consideramos que sería sinxelo e factible implantar de forma económica esa medida con tecnoloxía led, co valor engadido que suporía esa nova iluminación tamén para o confort a seguridade de todo o ámbito.

En relación co anterior, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean os pasos necesarios para implantar unha iluminación de alto rendemento e baixo custo na pista polideportiva existente no parque Luís Pasín, situada na parte traseira do Politécnico, entre as rúas Rosalía de Castro e Avenida de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2018

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela